



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### BANDO

De todos é coñecida a actual crise humanitaria provocada pola invasión rusa no territorio de Ucraína, que está provocando miles de mortos, feridos, éxodos masivos a países limítrofes, ademais de incontables danos materiais en vivendas, infraestruturas, servizos básicos, etc., o que está deixando unha fonda impronta na población civil, especialmente, nen@s, anciáns, e persoas desfavorecidas.

No Concello do Corgo non somos alleos a esta grave problemática e tampouco queremos permanecer impasibles ante a situación actual e vindeira, polo que, adoitamos unha iniciativa de colaboración co pobo ucraíno mediante a:

#### **"CAMPANHA de RECOLLIDA de SUBMINISTROS BÁSICOS",**

que comprenderá, fundamentalmente, e segundo se desprende da información que nos facilitaron diversas fontes:

- *Alimentos non perecedeiros ou de longa duración que non precisen de elaboración, en envases irrompibles, do tipo: conservas diversas, embutidos, marmeladas, aceites, leite, auga, zumes, etc.*
- *Produtos hixiénico-sanitarios e alimentos destinados especialmente á poboación infantil: cueiros, toalliñas húmidas, roupa infantil de abrigo (debidamente empaquetada), calzado, biberóns e papillas (só en envases de plástico), etc.*
- *Medicamentos e produtos farmacéuticos de uso xeral: paracetamol, ibuprofeno, vendaxes, antisépticos, etc.*

Animámosvos dende o Concello do Corgo a participar a tod@s de maneira activa na presente campaña mediante as vosas contribucións persoais, que nos podeses facer chegar ó **Centro Socio-Cultural do Concello do Corgo, sito a carón do Centro de Día, nos horarios:**

- **de luns a venres, de 10:00 a 13:30.**
- **martes e xoves, de 16:30 a 19:30.**

Tentaremos mantervos informados periódicamente da evolución desta iniciativa solidaria da cal seremos tod@s partícipes.

O Corgo, 3 de marzo de 2022

O ALCALDE, Felipe Labrada Reijs

